

PUBLICIDADE

PALAS DE REI É unha iniciativa pioneira en Galicia nos centros de ensino públicos

O IES do Camiño prevé o acoso escolar co programa "Titoría entre Iguais"

O IES do Camiño de Palas de Rei traballa, dende fai varios cursos, pola mellora da convivencia a través de diferentes programas e iniciativas tales como: a mediación, deseño do protocolo contra o acoso escolar, actividades interculturais, escola de nais e país, entre outras.

Este curso académico 2014-15, da un paso máis alá ao por en funcionamento o programa de Titoría entre Iguais (TEI), incluído dentro do Proxecto Educativo de Centro, como unha estratexia educativa e medida práctica contra a violencia e o acoso escolar, que implica a toda a comunidade educativa e pretende fomentar que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.

O programa de intervención é unha adaptación do Programa TEI orixinal, cuxo autor é Andrés González Bellido. O Programa baséase, en que é o propio alumnado o que se encarga de evitar e ou intervir nos comportamentos acosadores mediante o diálogo. De forma que os alumnos de maior idade, tutelan e velan pola convivencia e integración dos de menor idade.



Unha das charlas no IES do Camiño

No mes de xuño de 2014, o profesorado do IES do Camiño, xunto co IES de Monterroso, CPI de Friol e CPI de Guntín recibiron a formación da man do seu autor Andrés González Bellido, comenzaba así, esta iniciativa pioneira na comunidade autónoma galega en canto a Centros de Ensino de carácter

público. Neste caso, o IES do Camiño en Palas de Rei, conta coa colaboración do Concello de Palas de Rei e co entusiasmo dun grupo de profesores e profesoras que apostan pola prevención, asumindo que no IES do Camiño impere a premisa da "tolerancia cero co acoso escolar".

PORTOMARÍN

Vinte persoas dos corpos de emerxencias participaron nun curso de formación específica

Unha vintena de membros de corpos de Protección Civil e servizos de emerxencias da provincia de Lugo participaron en Portomarín nun dos cursos de formación específica que convoca a Xunta de Galicia no marco da segunda quenda de cursos dispostos para o presente ano no territorio lucense. Neste Curso básico de Protección Civil incidíuse en aspectos como a actuación en distintas situacións de risco e accidentes, a loita contra os incendios, a planificación e as redes de alerta. Así mesmo, os participantes recibiron tamén noções sobre comunicacións de emerxencias e intervencións ante emerxencias sanitarias.

Da organización e de impartir este curso encargouse a Dirección Xeral de Emerxencias, en colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública. Este curso súmose aos 6 que se realizaron nos últimos meses na provincia e que inclúen cursos sobre busca de persoas en zonas illadas, cursos sobre incendios urbanos e forestais e sobre accidentes en estradas.

ANTAS DE ULLA

Gran éxito no I Festival da Amizade Musical



A música tradicional foi a protagonista

A Asociación Fiadeira, en colaboración cos veciños de Antas, puxeron en marcha a primeira edición do Festival da Amizade Musical. Foi un evento no que participaron grupos da comarca e que serviu para amosar o traballo que se realiza dende Fiadeira no baile e na música tradicional.

Ata Antas de Ulla chegaron persoas de toda a Comarca e de fóra dela para participar nesta primeira edición do evento, que non perseguía outro obxectivo que reunir persoas e asociación para compartir un programa musical que poñía en valor a música e o baile tradicional galego.

MONTERROSO

Centos de persoas celebran as Festas do San Miguel



O alcalde Antonio Gato, xunto ó pregoeiro da última edición da festa

Veciños e visitantes celebraron as festas patroais do Concello de Monterroso que coinciden cada ano co San Miguel. O pregoeiro elixido este ano foi o director do Centro Penitenciario de Monterroso, Antonio Ribera.

A comisión de festas intentou sa-

tisfacer tódolos gustos coa programación. Así os máis mozos tiveron unha sesión de discoteca na Cúpula a primeira noite de celebración e para os máis entrados en idade, as verbenas típicas foron quen de facerlles gozar desta celebración.